

10/431 MODIFICACIÓN DO ACORDO 5/584 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUIVEIRO/A PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2020) EN RELACIÓN AOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR BASE 9.-.Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Persoal, do 1 de xullo de 2021, na parte expositiva do cal se fai constar:

“Visto que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día dezoito de novembro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o acordo 5/584 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ARQUIVEIRO/A PERTENCENTE Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, EN QUENDA LIBRE (OEP 2020) en cuxa Base 9 desígnase o Tribunal Cualificador.

Polo Decreto Nº 8064/2020 do 10/12/2020 resolveuse convocar o proceso selectivo convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de Arquivo/a do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda libre (OEP 2020), que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo nº 5/584 da Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 18.11.2020 anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” num. 251, de 18 de outubro de 2019.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día 17 de xullo de dous mil 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo: 28/452 DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA ALCALDÍA, NAS/OS TENENTAS/ES DE ALCALDESA DELEGADAS/OS DE ÁREA E NAS/OS CONCELEIRAS/OS DELEGADAS/OS, en cuxa parte dispositiva figura:

“PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes:

a) aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, así como a designación de membros integrantes dos tribunais de selección”.

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.ª MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.ª TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac2975349354743525281.doc

Asunto: XUNTA DE GOBRNO LOCAL DO 7-7-2021

Sra. D^a. MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA** a modificación do Acordo 5/584 aprobación das Bases específicas para o acceso en propiedade a unha praza de Arquivoiro/a pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda libre (oep 2020) en relación aos membros do tribunal cualificador substituindo o secretario suplente do tribunal:

D.Rafael del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Lugo (A1).

Por:

D.Justo Díaz Rodríguez. Adxunto de Servizo de Xestión Urbanística do Concello de Lugo (A1).

Contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación.

Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.